

## **A MÚSICA GALEGA NA ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL. UN NOVO MÉTODO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE**

Vázquez Regueira, Helga.  
CEIP JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO. Buño (Malpica-A Coruña)  
helgavr@edu.xunta.es

### **Resumo**

No que respecta ao seguinte traballo, este trata basicamente no emprego da Música Tradicional Galega como recurso pedagóxico relacionado coa Estimulación da Linguaxe Oral dentro do Segundo Ciclo da etapa de Educación Infantil, é dicir, entre 3 e 6 anos de idade.

No referentes aos moitos motivos que levaron a realizar a presente idea didáctica, o principal dos mesmos, versou no aproveitamento da música popular galega como recurso inmaterial e de tradición oral que se fai na Galiza dende tempos inmemoriaveis.

Neste sentido, e como base didáctica, este método de traballo levouse a cabo dentro da aula ordinaria e no campo da Audición e Linguaxe desenvolveuse un programa que abarca toda esta temática e cuxos obxectivos principais foron por unha banda, aumentar a calidade educativa, e pola outra, que o alumnado acadase un nivel lingüístico axeitado para a súa idade. Deste xeito, e tal como ditamina a nova lexislación educativa de ámbito europeo, as competencias que se abarcaron foron as seguintes: competencia comunicativo-lingüística, competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico, competencia no tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender.

### **Introdución**

A modo de introdución, compre destacar que en múltiples ocasións os Mestres especialistas en Audición e Linguaxe (A.L.), non só se dedican a realizar intervencións dentro do campo das alteracións da comunicación oral e escrita, se non que a modo preventivo realízanse, dentro do alumnado de Educación Infantil, unha serie de sesións para a estimulación da linguaxe oral.

Neste tipo de intervencións hai que ter en conta a estimulación de diferentes áreas que interveñen ou están amplamente relacionadas coa linguaxe oral. Estas son:

A discriminación e identificación auditiva,

A respiración e sopro,

A movibilidade dos órganos fonoarticulatorios (praxias bucolinguofaciais),

punto e modo de articulación (plano fonético),

campo semántico (vocabulario),

plano morfosintáctico,

A pragmática (uso e emprego adecuado da linguaxe), entre outros.

### **Descrición do traballo e obxectivos.**

En primeiro lugar, comentar que o método de intervención na Estimulación da Linguaxe Oral sempre foi moi estrito, é dicir, séguense unha serie de parámetros e rutinas nas que hai que incidir de xeito primordial e tenaz.

Este aspecto é xustificable debido a que na nosa formación como mestres de A.L. “adéstrárenos” dende un punto de vista moi pouco flexible. A modalidade “ideal” de intervención no campo da Estimulación da Linguaxe Oral sería mediante a lectura de contos especialmente creados, nos que o alumno/ a terá que realizar unha serie de actividades ou xestos sen ningún sentido.

Nos meus comezos como mestra de A.L. empreguei os recursos que a miña experiencia neste campo indica que non é o xeito máis apropiado. A título persoal, e baseándome no levado a cabo cos meus alumnos/ as, estes contos soen ser pouco motivadores e estimulantes para o alumnado, ademais de pouco significativos. Por outra banda, pódese dicir que case non existen publicacións deste estilo en lingua galega, algo que non conflúe coa realidade lingüística do noso país.

Evidentemente, nos inicios das sesións da Estimulación da Linguaxe Oral levei á práctica o xeito convencional das mesmas, pero despois de experimentar a desmotivación, o aburrimiento, a tristeza, o rebumbio no alumnado, e a perda de tempo naquelas horas de estimulación, observei que a música galega ofrece un abanico moi importante dentro do campo que nos compete.

Deste xeito, e coas cancións dos nosos avós, conseguín traballar todos aqueles aspectos necesarios na estimulación da linguaxe: respiración, sopro, mobilidade bucolinguofacial, expresión facial, campos semánticos, vocabulario, expresión corporal, morfosintaxe e pragmática. Os temas empregados sempre foron aquelas cantigas, que segundo os informantes, utilizábanse nas horas de xogo e de lecer entre os nenos/ as galegos. Para iso propúxenme como **obxectivos xerais** detectar anomalías e trastornos na linguaxe e na fala e mellorar a competencia comunicativa-lingüística dos alumnos/ as; e como **específicos**:

Identificar o desenvolvemento dos procesos cognitivos básicos, asemade a lateralidade, coñecementos do esquema corporal e das nocións espacio-temporais,

Comprobar a capacidade e control da respiración, sopro, motricidade bucofacial,

Discriminación auditiva e ritmo,



Fig.1: Tema adaptado con pictogramas (A vaca marela, Pelo Gato 24,2008)

Analizar segundo a idade do alumnado o grado de corrección articulatória,  
Valorar o nivel léxico e morfosintáctico,  
Verificar a existencia de pautas de uso adecuadas da linguaxe oral así como intención comunicativa  
Potenciar os prerequisites lectores, sobre todo a conciencia fonolóxica.

### 3. Metodoloxía

A metodoloxía de intervención e a posta en práctica que relacionan todos estes contidos e obxectivos coa música galega, consistiu na representación de cantigas tradicionais de Galicia. A miña proposta consistiu na:

Representación da cantiga que se vai a aprender.

Traballar técnicas de respiración previas ao canto.

Aprender a letra das cancións, ben coa axuda de xestos, pictogramas ou contos deseñados para a ocasión.

Representación dos temas cun baile.

Traballar o vocabulario e os diferentes campos semánticos que nas cancións se tratan.

Solidificar unha correcta expresión sintáctica.

De forma xeral o transcorrer das clases consistiron nun primeiro momento en aplicar **técnicas de relaxación**, ben de relaxación creativa, por tensión-relaxación de Jacobson, relaxación progresiva, método de Schultz, entre outros; todas elas adaptadas aos nenos/ as e levadas a cabo a través do xogo. Por exemplo, aos alumnos/ as indicábaselles que foran un boneco de neve que se derretía pouco a pouco, ser un robot, ser un globo, andar como os pingüíns, andar de puntillas ou cos talóns, etc.



Fig.2: Loto Fonético (Monfort y Juárez,2005)

En segundo lugar, era necesario traballar **técnicas de respiración** nas que de forma rutinaria collíamos flores do xardín e as ulíamos, soprábamos unha tarta de cumpleaños, intentábamos inchar un globo imaxinario, entre outros, en diferentes posicións, tumbados, sentados e de pé.

A continuación, para **fixar a atención** do alumnado levantábase e primeiro lugar o brazo dereito, logo o esquerdo, despois a perna dereita, logo a esquerda, poñíase as orellas en posición de escoitar e abríanse ben os ollos para ver con detalle. Ao mesmo tempo con esta actividade fixébase o esquema corporal.

Nas primeiras sesións foron necesarios **exercicios de identificación e discriminación auditiva**, tales como: mentres se escoita unha canción andar arredor das cadeiras e cando esta non soe sentarse en candasúa (*o xogo das sillas*), estar bailando e quedar quedado coma unha estatua cando o pandeiro pare de tocar (*o xogo das estatuas*), entre outros moitos.

Despois, e a través dun tema tradicional escollido e adaptado ao galego normativo, aprendíase a canción. A **metodoloxía** para iso consistía en a través de xestos, pictogramas ou bailes relacionados coa mesma fixaran a melodía e a súa letra. Os xestos a realizar atopábanse relacionados cun movemento natural que a letra requirise, así como os bailes, que en moitas ocasións consistían en realizar os movementos que a letra da cantiga citaba. No caso dos pictogramas, estes axudaban á iniciación á lectoescritura. Por outra banda, e atendendo aos mensaxes das cantigas, intentábase traballar un campo semántico específico, por exemplo: partes do corpo, medios de transporte, profesións, os animais e as onomatopeas, alimentación, entre outros.

Para finalizar, os **recursos materiais** que se empregaron foron: cassette, CDs, pizarra dixital, equipos multimedia, altosfalantes, colchonetas, tarxetas de vocabulario, material de discriminación auditiva, disfraces, mascotas, letras con pictogramas, instrumentos musicais, e o propio corpo.

### ***Conclusións e resultados***

A modo de conclusión, e con respecto aos logros dicir que a final de curso o alumnado acadou un nivel lingüístico maior, aprendendo de forma lúdica e discernida. Ademais, os nenos/ as foron quen de relacionar os contidos da estimulación da linguaxe oral con outras áreas como a de música, e déronse situacións de intercambio cultural entre o propio alumnado e entre os mestres. Foron moitas as ocasións nas que moitos alumnos/ as aportaban cantigas que os seus



Fig.3: Vídeo Pelo Gato 24 (2008)

avós e pais cantaban na casa, polo que contribuíse a conservar a tradición oral e o patrimonio musical galego, ademais de aumentar a calidade educativa.

### **Referencias Bibliográficas**

Arquivo Ruote: Coletivo de Recolleita e Música Tradicional.

Aavv (2006): *O quiquiriquí*.CD. Asociación de Gaiteros Galegos e Xunta de Galicia: Pontevedra.

Aavv (2008): *Pelo gato 24*.CD. Asociación de Gaiteros Galegos e Xunta de Galicia: Pontevedra

Arriaza Mayas, C. (2002): *Cuentos para hablar*. Madrid: CEPE.

Arriaza Mayas, C. (2004): *Cuentos para aprender hacer*. Málaga: Aljibe.

Arriaza Mayas, C. (2004): *Cuentos para estimular el habla*. Málaga: Aljibe.

Benet, I.; Jiménez, I; Rios, D.: *Colección de cartones de vocabulario. E. I. 5-6 años*. Barcelona: Vicens-Vives.

Bustos Sánchez (1983): *Imágenes para el entrenamiento fonético*. Madrid: CEPE.

Bustos Sánchez (1990): *Discriminación fonética y fonológica*. Madrid: CEPE

Monfort Y Juárez (2005): *Loto Fonético I*. Madrid: CEPE.

Monfort Y Juárez (2004): *Loto Fonético II*. Madrid: CEPE.

Monfort Y Juárez (2005): *Loto Fonético de Acciones*. Madrid: CEPE.

Prego, L.(2008): *Para cantar e bailar*. Cumio: Pontevedra.

Recasens, M.(1987): *Cómo estimular la expresión oral en clase*. CEAC. Barcelona

Recasens, M. (1988): *Cómo jugar con el lenguaje*. CEAC. Barcelona

Rius, M. D. (1987): *Estimulación del lenguaje oral*. Seco Olea. Madrid

### **Páxinas web:**

[http://www.hezkuntza.ejgv.euskadi.net/r43-2459/es/contenidos/informacion/dia6/es\\_2027/r01hRedirectCont/contenidos/informacion/dif7/es\\_2082/adjuntos/libros/\(7\)%20Lenguaje/CAST/LENGUAJE.pdf](http://www.hezkuntza.ejgv.euskadi.net/r43-2459/es/contenidos/informacion/dia6/es_2027/r01hRedirectCont/contenidos/informacion/dif7/es_2082/adjuntos/libros/(7)%20Lenguaje/CAST/LENGUAJE.pdf)